

GUÍA DE LECTURA

LOURENÇO, XOGRAR. Manuel Portas

VOCABULARIO:

ENXERGAR: entrever

TREMELUCIR: dar luz intermitentemente

POEIRA DE ESTRELAS: po de estrelas

AVELUDADO: de tacto suave como o veludo

FALLEBAS: sistema de pechadura das contraventás

PORLÓNS: parte da bisagra

LOAIRA: tempo en que sae o sol entre a chuvia

TEIMOSA: tenaz

LINDEIROS: franxa de terra que serve de liña de separación

ABRENTE: amencer

FREGUESES: parroquiáns

MERCADORÍAS: mercancías

GORÉCENSE NAS TABERNAS: refúxianse nas tabernas

TANXEN A CITOLA: tocar a cítara

TERZA FEIRA: martes

MARABEDÍ: antiga moeda

FARDELO DE ROUPA: fardel

GALANURA NOS ACENOS: elegancia nos xestos

OTROSÍ: ademais, tamén

ALBERGARÍAS: albergues

O ADIVAL ABRÁZASE COS FUNGUEIROS DO CARRO: as cordas rodean os paus verticais que se colocan aos lados do carro.

BICHO PEZOÑENTO: animal con mala intención

CARNE DE VEADO: carne de cervo

BARAFUNDA DE CABALEAR: alboroto formado polos cabalos ao correr

ALGAZARA DE XENTE: balbordo que fai a xente que se divirte

LORIGA: cota de malla dos guerreiros na idade media

XIBÓN: antiga peza de roupa que cingue o torso por enriba da camisa

CASAS DE EXTRAMUNDI: casas afastadas do centro

ALMORÁBIDE: monxe-soldado musulmán

O GALEGO MOURO: o médico árabe

NON ME RIFE: non me berre

UNHA MIRAXE: unha visión

FAI REXOUBA DA ESCEA: critica, búrlase

ESTRICAR AS PERNAS: estiralas

DESPEDIDA DO HABIBI: do amor

MUWASAHA: poema árabe

A SOLDADESCA: tropa indisciplinada

CABALO ALAZÁN: de cor canela

UN GALANO DO SEÑOR: un agasallo
APRENDER DE COR: de memoria
PARABENIZAR: dar parabéns, felicitar

COMPANGO MATINAL: tentenpé
PASAR ANGUEIRAS: pasar traballos

ACORDAR: espertar
ALXIBEIRAS: “ mochila”
CALZAS: medias
ADIVAL: corda para suxeitar a carga no carro
MIRANDO ESTANTÍO: pasmado
REDOMA: recipiente de vidro
LEA: liorta, barullo

AS CINCHAS DO CABALO: correas
A POUPANZA: o aforro
PORTÁDEGOS: dereitos que se pagan por pasar a un lugar

PÁXINAS CON REFERENCIAS HISTÓRICAS:
px. 54, px. 95 e px. 121

ESPAZOS:

PORTUGAL: Braga, Alentexo, Lisboa, Coímbra, Famalicao, Vila Nova, Porto..
GALICIA: Santiago de Compostela, Tui, Baiona, O Faramello, Milladoiro, Padrón..
CASTELA: Salamanca, Toledo..
Castelo de Lanhoso: lugar onde traballa e vive o protagonista e onde a súa nai é cociñeira

TEMPO:

s. XIII

Na primeira parte o tempo transcorre de maneira lineal pero na segunda prodúcense elipses temporais de varios anos que están aclaradas no texto.

LINGUA:

Peculiaridades da lingua próximas ao portugués como o uso do Futuro de Subxuntivo no canto do Pto Imperf de Subxuntivo:

px. 18 “ acorda se así non for”

px 20 “ se callar é porque..” (= talvez / se cadra)

px. 36 “ como se o meu fillo for”

px.43 “ se por acaso alí estiver”

O inicio de cada capítulo ten un breve resumo do argumento en galego-portugués ao xeito dos textos medievais. Recordade que neste momento aínda era unha única lingua.

PERSONAXES:

Lourenço: xograr protagonista. Mozo humilde que adora compoñer cantigas e aspira a ser trobador aínda que non pode por non ser de clase alta.

Diogo o ferreiro: o pai de Lourenço encargoulle que coidara del mentras loita na conquista do Alentexo.

Lianor: Nai de Lourenço.

Vasco Goterres: bandoleiro que xura vinganza.

Paio Peres Correia: nobre que lle salva a vida cando é atacado polos bandoleiros. Regálalle o cabalo Caneliño.

Branca Peres: sobriña de Paio, a moza pola que suspira Lourenço.

O mestre Rodrigo: Crego do Castelo de Lanhoso que conta relatos de cabalerías á servidume.

Joam Garcia de Guilhade: segrel ao que Lourenço acompaña como músico e tamén nas súas aventuras. Autoritario, ruín, envexoso, infeliz e parvo.

Sancha: sobriña de Joam, ten amores con Lourenço.

Gonzalo de Sousa: nobre cabaleiro ao que acompañan para intrigar contra o rei de Portugal.

Algúns personaxes históricos:

Sancho II o Capelo: Rei de Portugal

Fernando III: Rei de Galiza, León e Castela e primo do Capelo.

Afonso X: Rei de Galiza, León e Castela

Papas : Gregorio e Inocencio

Rodrigo de Trastámara e dona Maior: nobres galegos, el é príncipe de Galiza. Viven nun pazo na rúa Algalia de Arriba de Santiago.

Joam Airas: Arcebispo de Santiago

Algúns trobadores:

Pero Meogo, Bernaldo de Bonaval, Airas Nunes..

Soldadeira:

María Balteira

ESTILO:

Hai unha gran diferenza de estilo entre a 1ª e a 2ª parte. Na 1ª hai un narrador omnisciente en 3ª p que deixa falar os personaxes en diálogos, mentras que na 2ª cambia radicalmente o punto de vista deixando a *voz* e a *visión* aos personaxes que se suceden con cadanseu monólogo interior en estilo indirecto libre.

ORIENTACIÓNS SOBRE O ARGUMENTO:

1ª parte:

Lourenço, un mozo humilde, alegre e afeccionado a trovar, vai ás feiras con Diogo o ferreiro, a quen seu pai encargou o coidado do mozo mentras está loitando no Alentexo contra os mouros. (Co tempo saberemos que o seu pai morre na batalla e Diogo casa coa súa nai).

Un grupo de bandoleiros asáltanos e para defenderse Lourenço mata accidentalmente a un deles que resulta ser o fillo de Vasco Goterres, quen xura vinganza.

Como queda malferido, o cabaleiro Paio Peres Correia lévao ao seu campamento onde é curado por Mahmud al-Katib e coñece á súa sobriña Branca. O amor que xorde entre os dous vai estar presente como algo inacadable durante toda a novela.

Coméntase que o rei Sancho de Portugal descoida o reino e que a conquista do Algarve é sostida pola orde de Santiago baixo o mandato de Roma que o ten excomulgado. Hai pouca seguridade polo que se lle chama rei dos ladróns. Queren que volva o seu irmán, don Afonso o Boloñés, pero para iso o Papa Gregorio tería que depoñer a Sancho.

Explicase como os reinos de Galiza, León e Castela están unidos grazas a unha xogada de dona Berenguela, que comprou por 30.000 maravedís ao ano o reino de Galiza a Sancha e Aldonça para o seu fillo Fernando, o medio irmán delas que fora desherdado.

Gonzalo de Sousa vai a Santiago (con Lourenço e Guilhade) para conseguir a neutralidade de Fernando III en caso de que houberse movementos para derrocar a Sancho de Portugal. Alí, Rodrigo de Trastámara dille que xa hai un “pacto de non agresión” entre ambos propiciado por dona Berenguela, nai de Fernando e tía de Sancho.

Na visita a Santiago destaca o ambiente de mercado onde os peregrinos e visitantes a miúdo eran timados por vendedores desalmados, como lle pasou a Guilhade cos *pelos de Santiago*. Tamén estamos no momento en que se están desenvolvendo ou finalizando os traballos do Pórtico da Gloria.

Lourenço é un mozo moi namorado e durante a súa viaxe a Galiza ten oportunidade de experimentar o amor, aínda que o seu corazón xa ten dona.

2ª parte:

Monólogo interior de Lourenço: cumpre 23 anos, está en Porto. Sabemos que Sancho casou con Mencía e o Papa Inocencio quixo quitalo do reinado cunha bula, mandando a Fernando a tomar as rendas do reino.

Ten lugar a batalla de Gaia (en Porto) e Lourenço loita nela. Perderon. Arrepíntese de deixarse arrastrar por Guilhade. Leva a casa a Gonzalo de Sousa ferido, que finalmente se salva.

Monólogo interior do ferreiro: agora está namorado de Lianor. Fernando vai vencendo na guerra polo reino de Portugal. Lourenço quedou deprimido despois de volver da batalla. Só reacciona cando ve a Branca na feira de Braga.

Monólogo interior de Branca: sabemos que houbo un falso rapto de Mencía (por parte de Fernando) da que ela era dama cortesana. Branco segue namorada de Lourenço e agarda velo en breve nunha voda.

Monólogo interior de Guilhade: está namorado de Diorda Gil pero ela non só non lle corresponde senón que se mete monxa. Sabemos que o rei Afonso de Castela vén para axudar ao seu irmán Sancho e de paso quedarse con Portugal.

Por el sabemos tamén que Lourenço e Branco víronse nunha voda pero ela anuncioulle que ía casar con outro. El queda triste. Pero ten amores con Sancha.

Lourenço e Guilhade van para Toledo, onde se estableceu finalmente o rei Afonso, que convenceu a Sancho de que se exiliara alí con el.

Monólogo interior de María Balteira: dá consellos a Lourenço e consólaos polas burlas e os líos que se montan dos trobadores da corte. El nunca será un deles.

Monólogo interior do rei Afonso: agasalla a Lourenço con casa e facenda. Sabemos que leva 6 anos alí, que é o favorito do rei e que este aspira a ter poder nin máis nin menos que no Sacro Imperio Romano-Xermánico. Tamén sabemos que está preparando as Cantigas de Santa María.

Aparece Branca co seu tío.

Monólogo interior de Sancha: Ten un fillo, Martiño, con Lourenço. Sabemos que casou con el cando volveu de Toledo. Ela quería algo mellor porque é fidalga pero era iso ou o convento.

Guilhade, o seu tío, casou cunha viúva e vive moi acomodado.

Lourenço foi á feira de Braga co seu tío o ferreiro, seguramente para ver a Branca, pero xa lle tarda moito.

Monólogo interior de Lourenço. Aséstanlle cinco coiteladas no camiño, xusto a noite dun día moi especial para el.